

Resolución do 15 de maio de 2019 do Director-Xerente de SEAGA, no proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Peón Especialista, resultante dos períodos de actualización de listas, pola que se aproba e se fai pública a lista definitiva de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as nesta categoría.

Por resolución do 25 de abril de 2019 da comisión de selección, publicada na páxina web de SEAGA, aprobouse e fíxose pública a lista provisional de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as ó proceso para o ingreso nas listas previas na categoría profesional de Peón Especialista, resultante do período de actualización de listas de outubro de 2018.

Transcorrido o prazo establecido para a presentación de reclamacións sobre a lista provisional de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as, de conformidade co establecido nas bases xerais 1.6.3 e nas bases específicas 1.4.3 das que rexen o proceso, este Director-Xerente, **ACORDA:**

Primeiro.- Resolver as reclamacións efectuadas.

Resolver as reclamacións efectuadas contra a lista provisional de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as ó proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Peón Especialista, resultante do período de actualización de listas de outubro de 2018.

Segundo.- Facer pública a lista definitiva de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as trala resolución das reclamacións efectuadas contra a lista provisional de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as.

Facer pública a lista definitiva de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as ó proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Peón Especialista, resultante do período de actualización de listas de outubro de 2018, trala resolución das reclamacións efectuadas, que figura publicada como ANEXO, na que os/as candidatos/as figuran por orde do D.N.I, apelidos e nome, co/s perfil/is profesional/is, ámbito/s territorial/is e con indicación, no caso dos/as candidatos/as excluídos/as, da causa determinante da súa exclusión.

Santiago de Compostela, a 15 de maio de 2019.

O Director-Xerente



Asdo.-Pablo Arbones Maciñeira.

